




LATA  
de SAL  
vintage



# LATA de SAL

Lata de Sal é unha editorial de álbum ilustrado especializada en dúas coleccións únicas: *Vintage* e *Gatos*. Para lectores de cero a cento e pico anos.



## O álbum de Adela

de Claude Ponti

FORMATO 42 x 26 cm

PÁXINAS 20

ISBN 978-84-942867-4-2 (galego)

ISBN 978-84-942867-3-5 (castelán)


ISBN 978-84-942867-5-9 (catalán)

PVP 14,90 € (IVE 4% incluído)

INTERIORES Papel offset PEFC de 160 g

ENCADERNADO Cartoné plastificado mate en papel PEFC de 128 g sobre cartón de 2,5 mm

PAPEL Procedente de fontes responsables



## Sinopse

A imaxinación dos nenos é infinita. Como as veces que podes chegar a ler este libro por primeira vez. Como as veces que chegarás a sorprenderte con cada páxina. É un libro que esperta os teus cinco sentidos. Un libro que os nenos terán que explicarles aos maiores. Un xogo que reta a maneira de ler. Non viches nada igual. A imaxinación ao poder.



## O autor: Claude Ponti

Pintor e debuxante de prensa, a súa carreira como autor e ilustrador para nenos comezou cando en 1985 naceu a súa filla **Adèle**. Quería presentarlle o mundo e para ela creou este libro de enorme formato co que mesmo se pode facer unha tenda de campaña.

Compróbo. Desde entón, millóns de lectores deleitáronse cos infinitos detalles que contén *O álbum de Adela*. Páxinas cheas de maxia nas que o inimaxinable é posible. Ilustracións para soñar, desconcertarse e rir.

Ponti é autor de cincuenta libros infantís, creados con centos de pinceis que garda no seu taller. Nunca os tira. Polo servizo prestado.

## Por que quedas enlatado con este libro?

01.

Porque demostra que calquera cousa é posible no mundo da fantasía

02.

Porque é o primeiro álbum ilustrado de Claude Ponti, grande autor francés que creou escola

03.

Porque non ten palabras e te deixará sen elas

04.

Porque é un libro con tantas posibilidades coma pitíños atopas nas súas páxinas.

05.

Porque é o único libro que só entende... a túa imaxinación.

A **Colección Vintage** inclúe exclusivamente libros inesquecibles, escritos e ilustrados en calquera lugar do mundo hai máis de 30 anos. Premiados e de referencia nos seus países, nunca chegaron a España... ata agora. **Foron seleccionados entre miles.**



www.latadesal.com  
info@latadesal.com



Libros para sempre